

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a iniciativa Industria Innova, dirixidas ao impulso de proxectos de desenvolvemento da innovación no sector industrial galego, orientados a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se convocan para os anos 2026, 2027 e 2028 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG530B).

BDNS (Identif.): 880748.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/880748>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

a) Pemes e grandes empresas do ámbito industrial que dispoñan dun centro de traballo permanente legalmente constituído en Galicia, que poidan liderar proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico que cumpran as características recollidas no artigo 5.

b) As agrupacións de pemes e grandes empresas que realicen proxectos de I+D+i en colaboración.

c) Agrupacións dunha empresa ou empresas do sector industrial, e un ou varios centros tecnolóxicos e/ou centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito autonómico inscritos no rexistro de centros creado polo Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro, e que contén un centro de traballo permanente legalmente constituído en Galicia.

De acordo co artigo 5.2.a) do Regulamento UE 2021/1058 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo de Cohesión, só serán admisibles os proxectos presentados por grandes empresas se cooperan con unha ou varias pemes, e estas deberán



asumir, no seu conxunto, un mínimo do 5% total dos custos subvencionables do proxecto. Os organismos de investigación non terán a consideración de pemes para estes efectos.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto o apoio ao desenvolvemento da innovación das empresas galegas, orientado a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a iniciativa Industria Innova, dirixidas ao impulso de proxectos de desenvolvemento da innovación no sector industrial galego, orientados a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se convocan para os anos 2026, 2027 e 2028 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG530B).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.561A.770.06 por un importe de 30.000.000 €, e coa seguinte distribución plurianual: 6.875.000 € no ano 2026, 16.250.0000 € no ano 2027 e 6.875.000 € no ano 2028.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e será de dous meses, contados desde as 9.00 horas do día de inicio do prazo e ata as 14.00 horas do día en que se cumpra o citado prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

Ainhoa Mallo Martínez
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

